

AS EMISIÓNS RADIOFÓNICAS NA GALICIA EXTERIOR:  
*SEMPRE EN GALICIA* VERSUS ERGAC

Mónica Rebolo Vázquez  
Universidade de Santiago

A radio na emigración é un tema apaixonante. Hai xa uns anos que inicié esta liña de investigación e hoxe en día ratifícome na idea que xa apuntara tempo atrás: aínda queda moito por dicir sobre a radio na Galicia exterior. É difícil entender o baleiro de investigacións que existe nesta materia. Sendo como somos un pobo marcado pola emigración e habendo probas como hai de importantes experiencias radiofónicas nos lugares de destino, debería estar máis estudada a radiodifusión da nosa diáspora. Os nosos historiadores e estudosos da comunicación preferiron desde sempre prestar máis atención aos medios escritos, pero nin a transcendencia da prensa nin a súa proliferación explican o trato secundario que se lle deu ao medio radiofónico. E non vale poñer como desculpa a fragilidade das ondas; fronte ás palabras perdidas quedáanos a memoria.

Os nosos emigrantes teñen unha ampla tradición radiofónica nos países de acollida e desde sempre tiveron no medio un bo aliado para as súas necesidades. Así, as primeiras emisións da Galicia exterior xorden case ao comezo do proceso migratorio, localizadas no Río da Prata nos anos trinta. O primeiro programa galego que está documentado é *La hora gallega*, que se emitía na Arxentina. A el seguíronlle espazos como *Recordando a Galicia* de Maruxa Boga, *Galicia, arte y cultura* de Maruxa Villanueva ou, xa na década dos cincuenta, *Galicia Emigrante* de Luís Seoane. De entre todos estes proxectos cómpre salientar *Sempre en Galicia*, o primeiro programa que se fixo integramente en galego e que leva cincuenta e catro anos de emisión ininterrompida desde CX 16 Radio Carve de Montevideo. Todos estes nomes poñen de manifesto a importante produción radiofónica que fixeron os galegos no Río da Prata. A medida que a emigración se dirixiu a outros lugares este tipo de proxectos foise espallando polo mundo, pero nunca con

tanta importancia como en América. A singularidade dos programas riopratenses, mexicanos ou venezolanos está en que xorden nun contexto ideolóxico e cultural moi forte propiciado pola presenza de numerosos exiliados que tiveran que deixar Galicia por mor do réxime de Franco.

Con todo, a radiodifusión na Galicia exterior non é cousa do pasado; ten presente e ten futuro. No caso de América o envellecemento da colectividade e as dificultades económicas que atravesan algúns países fan difícil o mantemento destas iniciativas e quen sobrevive, como o veterano *Sempre en Galicia*, faino con moitos problemas. Pero se ollamos cara a Europa e concretamente cara a España, constatamos que aínda hoxe existen numerosos programas galegos no ar; Cataluña é un bo exemplo diso. A radiodifusión galega en Cataluña comeza a xurdir nos anos sesenta, coincidindo co período de maior movemento migratorio cara a esa parte da península. Non existe un censo oficial de proxectos radiofónicos galegos e é difícil chegar a saber cantos e cales houbo. A razón é que a maioría das iniciativas xorden alleas ás institucións da colectividade e non hai un control sobre elas; ademais non todas as experiencias radiais teñen a mesma repercusión nin prolongación no tempo. Destacaremos aquí algúns nomes:

*Galicia, esquina verde de España*, que presentou Luis del Olmo a comezos dos anos setenta en Radio Peninsular de Barcelona; o programa *A nosa Galiza*, que se emitiu desde 1973 ata 1981 en Radio Miramar; *Lonxe da Terra*, que leva máis de vinte anos en antena en Radio Tele-Taxi; a emisora Radio Amistad, que puxo en marcha o editor ourensán Olegario Sotelo Blanco a mediados dos oitenta en Barcelona pero que foi clausurada ao cabo dun ano; Radio Celta, a emisora que creou o Centro Galego de Barcelona en 1984 pero que tamén foi pechada pola Generalitat... E nesta longa lista de iniciativas radiofónicas aínda faltan as perententes a ERGAC, un proxecto ambicioso e consolidado que hoxe lidera a radio galega en Cataluña.

Se houbese que apuntar unhas funcións comúns para os programas da nosa emigración, para os de onte e para os de hoxe,

serían estas: constitúen un modo de unión da colectividade galega, manteñen viva a imaxe de Galicia entre os oíntes, fomentan a difusión do noso patrimonio cultural e dan a coñecer o noso país nos lugares de acollida. As circunstancias de cada país e de cada época condicionan as funcións aquí enumeradas, pero é importante constatar que os programas galegos foron sempre un escaparate de Galicia máis aló das súas fronteiras.

SEMPRE EN GALICIA, A VOZ GALEGA DO OUTRO LADO  
DO MAR

*Sempre en Galicia* ten méritos dabondo para ocupar un lugar destacado na historia da nosa comunicación. O programa naceu en CX 16 Radio Carve de Montevideo o 3 de setembro de 1950 e desde aquela emitíuse todos os domingos ininterrompidamente. Ademais é o primeiro programa do mundo feito integramente en lingua galega. Todo comezou tras a morte de Castelao, cando un grupo de galeguistas que traballaban con el deciden facerlle unha homenaxe ao guieiro e alguén propón que sexa un programa de radio, a iniciativa bota a andar da man de Alfredo Somoza, Manuel Meilán, Lois Tobío, Antón Crestar, Pedro Couceiro, Xesús Canabal, Emilio Pita e Manuel Leiras.

A audición radial *Sempre en Galicia* foi concibida baixo tres parámetros fundamentais: ser unha audición galeguista, republicana e cultural. A carón destas tres premisas, os fundadores enunciaron outras complementarias, como aquela prioritaria de que *Sempre en Galicia* fose tamén unha audición independente da política de Galicia e das institucións galegas do Río da Prata. Non querían ter vínculos cun panorama franquista que estaba presente en parte da colectividade e que, por outra banda, lles impediría cumprir cun dos seus principais obxectivos: ser a voz crítica da Galicia exterior. Desde os micrófonos de *Sempre en Galicia* denunciáronse os problemas e inxustizas da Terra, criticáronse as condutas erradas, sinaláronse co dedo os culpables e animouse aos galegos a loitar polo seu país. O afán combativo e batallador da audición marcou importantes etapas do programa, pero a carón del houbo

tamén un desexo de manter vivo o recordo de Galicia, fomentar unha identidade galega entre os exiliados e emigrantes e procurar a unidade da colectividade nas terras riopratenses. Cómpre non esquecer tampouco o importante papel que, desde os comezos, xogou o espazo radiofónico a prol da cultura galega. *Sempre en Galicia* pretende espallar a nosa riqueza cultural a través das ondas cun dobre obxectivo: dala a coñecer aos galegos do Río da Prata e amosárllela tamén ás xentes dos países de acollida.

A independencia da que se quixo impregnar *Sempre en Galicia* desde o mesmo comezo da súa fundación tivo vantaxes e desvantaxes para os promotores do proxecto. Por unha banda, tal independencia deulles aos fundadores unha marxe importante á hora de abordar os contidos do programa; ao non estar vinculada a ningunha institución nin entidade galega, a audición radial puido cumprir a vocación de ser a voz crítica da colectividade do Río da Prata. Non obstante, esa mesma independencia traducíuse en dificultade ao falar do financiamento. *Sempre en Galicia* non quixo contar con ningunha organización para custear os seus gastos e por iso ao longo destas cinco décadas de traxectoria os colaboradores do programa tiveron que discurrir mecanismos de financiamento que fosen respectuosos coa súa independencia. Un deses recursos foi a introdución da publicidade, primeiro buscou o patrocinio de empresas uruguaias para evitar suspicacias, máis adiante tamén houbo empresas galegas que colaboraron coa audición. O caso é que non sempre a vía publicitaria foi posible; nos anos sesenta, por exemplo, o Banco de Galicia suspendeu as súas achegas ao non estar conforme coa dura liña antifranquista que defendía o programa. Así as cousas, os propios colaboradores –que sempre traballaron totalmente de balde– pagaron do seu peto os gastos do espazo radiofónico. Hoxe en día, o financiamento da audición é un problema realmente grave para a xente que segue no programa e, aínda que os custos do espazo son mínimos, os colaboradores teñen grandes dificultades para xuntar os cartos todos os meses. Cómpre apuntar que *Sempre en Galicia* se financia, practicamente, coas contribucións dos socios do Patronato da Cultura Galega e,

dada a mala situación económica que atravesaba Uruguai, non sempre é posible pagar esas cotas. O programa conta ademais cunha pequena axuda institucional e coa solidariedade dalgúns galegos que, ante a ameaza cada vez máis preocupante de que a audición poida desaparecer, decidimos abrir unha conta solidaria para axudalos no posible.

Unha vez que detallamos os aspectos «técnicos» do programa, é hora de fixarnos nos seus contidos. *Sempre en Galicia* é un espazo semanal de media hora de duración no que ten cabida a actualidade da Galicia de acá e de aló, e cuxa estrutura é máis ou menos fixa: saúde de Manuel Meilán mentres soa de fondo a *Muiñeira de Chantada*, editorial do director do programa, bloques de noticias, entrevistas, lectura dun poema e despedida de Manuel Meilán. Como fio condutor indispensable está a música galega, un aspecto que sempre se coidou moito no programa e que «enganchou» a moitos oíntes. En case cincuenta e catro anos de traxectoria mudaron moito as circunstancias sociais e políticas nas que se enmarca a audición pero, curiosamente, aínda hoxe persiste boa parte do «fondo» que os fundadores lle deron en 1950. En función dos contidos, dos colaboradores que traballaron no programa e das circunstancias sociopolíticas, sinalamos as seguintes etapas en *Sempre en Galicia*:

- 1950-1962. Os primeiros anos están caracterizados polos editoriais que fai Lois Tobío, son documentos amables e sinxelos que teñen tras si unha fonda erudición e unha forte carga ideolóxica.

- Na década dos anos sesenta o programa adopta un papel combativo ante a situación que vive Galicia nese momento. *Sempre en Galicia* amosa abertamente a súa oposición ao réxime de Franco, chama os galegos a actuar e fai unha forte defensa da identidade e da cultura galegas.

- 1976 é un punto de inflexión na audición porque cambia o contexto político de Galicia coa chegada da democracia; dáselle prioridade á reflexión sobre o que acontece, hai un maior seguimento da actualidade e adóptase un ton máis espontáneo, familiar e irónico.

- A mediados da década dos anos noventa o programa pasa a mans do Patronato da Cultura Galega. As prioridades seguen sendo a difusión da cultura galega, a atención a Galicia e á colectividade e a crítica e denuncia de todo aquilo que non vai ben.

Para moitos emigrantes e exiliados *Sempre en Galicia* foi o único vínculo que durante moitos anos tiveron con Galicia, o reencontro semanal coa Terra da que tiñan soidade. Na audición volveron escoitar a fala da aldea e a música das súas lembranzas, volveron percorrer paisaxes xa esquecidas e fixeron seu un sentimento de galegitude que non sempre existía. Apuntaremos tamén que moitos uruguaios e arxentinos achegáronse á nosa Terra precisamente a través da audición. Hai outra cuestión que di moito da audiencia de *Sempre en Galicia*, a súa fidelidade, non é difícil atopar persoas que levan corenta e cincuenta anos escoitando fielmente a audición e emocionándose ante o aparello de radio como o facían antano; para eles o espazo de Radio Carve é moito máis que un programa de radio.

#### ERGAC, A RADIO GALEGA DO SÉCULO XXI

Cataluña é un escenario importante na radiodifusión galega, non só pola gran cantidade de proxectos radiofónicos que xurdiron nese país, senón tamén polo feito de dar cabida a unha experiencia pioneira na radio da Galicia exterior. Nas ondas catalás nace ERGAC, a primeira asociación de programas galegos do mundo. Hoxe en día *Espacios Radiofónicos Galegos de Catalunya* é toda unha referencia dentro da nosa emigración e máis especificamente dentro da nosa radiodifusión. Entre os seus logros figura apostar pola unión dos galegos e polo espallamento da nosa lingua e cultura. A traxectoria de ERGAC é curta pero sólida; o proxecto nace en 1989 ao xuntárense en Radio Gramenet varias persoas que facían radio en galego en Cataluña. Pensaron que xuntos terían máis forza e comezaron a sentar as bases dunha asociación que o 22 de febreiro de 1993 foi recoñecida xuridicamente pola Generalitat. Os estatutos de ERGAC recoñecen a independencia dos programas membros pero establecen unha serie de pautas comúns que unifican os

proxectos, desde o punto de vista formal todos os espazos contan coa mesma sintonía e desde a perspectiva dos contidos todos eles teñen un mesmo obxectivo: «difundir a cultura galega en todas as súas facetas a través dos medios de comunicación de Cataluña»<sup>1</sup>. O reto é importante pero tamén o é o esforzo que desde hai máis de dez anos se está facendo desde ERGAC. Tal é así que na actualidade a asociación vai máis alá do medio radiofónico e desenvolve a súa actividade noutros eidos da comunicación.

*Espacios Radiofónicos Galegos de Catalunya* publica desde hai máis de catro anos un boletín mensual, *A Micro Pechado*, que recolle informacións sobre a colectividade galega e sobre o día a día de Galicia. A publicación, que ten unha tirada de mil exemplares, distribúese en Barcelona e a súa área metropolitana e chega tamén a diversas institucións galegas e catalás. *A Micro Pechado* require un importante esforzo persoal e económico por parte de ERGAC, pero é tan só unha das moitas actividades que leva a cabo a entidade, que adoita ser colaboradora ou promotora das manifestacións culturais que xorden dentro e fóra da colectividade, e por iso a súa presenza é habitual en foros, exposicións, homenaxes e calquera outra iniciativa que teña como fin espallar a nosa cultura. ERGAC ten ademais unha páxina web<sup>2</sup> que detalla a súa historia e a dos seus programas, puxo en marcha un curso de lingua galega a través das ondas en colaboración co Departamento de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universitat de Barcelona e, co gallo do pasamento da locutora Paquita Álvarez, publicou un libro-homenaxe baixo o título *Esa manía túa de vivir en presente*. Todas estas actividades favorecen a proxección de ERGAC tanto en Galicia coma en Cataluña.

Coñecida a actividade extra-radiofónica dos *Espacios Galegos*, afondemos agora no labor dos seus programas, que non deixa de ser o seu eixe principal. O número de espazos que conforman ERGAC varía cada temporada porque non todos conseguen manter unha presenza estable nas ondas. Entre os que xa non

1. Artigo 6 dos Estatutos de ERGAC.

2. [www.ergac.com](http://www.ergac.com)

están cómpre salientar *A Nosa Terra*, conducido pola finada Paquita Álvarez en Radio Florida de LHospitalet; *Sempre en Galicia*, que botou case dez anos en Radio Cornellá da man do profesor Ramón López; *Camiño da Terra*, que naceu en 1988 na barcelonesa Radio Zona Franca e, aínda que con cambios, prolongouse ata 2002; *Galicia Connosco*, en Ona Sants; *Escoita Galicia*, en Radio Llagosta; *Con Agarimo*, en Radio Llefiá... Actualmente ERGAC ten cinco programas en antena; a maioría emítese en Barcelona e a súa área de influencia, pero tamén existe un caso de emisión desde a veciña Andorra. As traxectorias e experiencias destas iniciativas radiofónicas son ben distintas pero todas elas están unidas por un afán cultural e divulgativo que ten como eixe central Galicia. Vexamos cada caso.

*Morriña*, en Radio Unión Catalunya (88 FM). Manolo Piñeiro, un restaurador ourensán afincado en Barcelona desde hai case corenta anos, é o responsable de que este espazo saia ao ar todas as semanas. O proxecto botou a andar en 1990 en Radio Nou Barris co obxectivo de «unir a todos os galegos afincados en Cataluña». Catorce anos despois Piñeiro gábase de ter achegado os micrófonos a moitos paisanos e de ter certa popularidade no seo da colectividade. *Morriña* é un programa orientado cara aos galegos máis veteranos, aqueles que chegaron a Barcelona nos anos sesenta pero que se seguen sentindo moi unidos a Galicia. Cada xoves á noite a radio achégalles a música e a información da súa Terra e mesmo teñen a oportunidade de participar nun espazo «feito en galego, por galegos e para galegos».

*Aturuxos*, en Radio Ciutat Vella (100.4 FM). Malia que todo comezou por unha aposta, o espazo leva oito anos en antena e consolidouse como unha visión fresca e integradora dos galegos de Cataluña. Ana Belén Real, presidenta de ERGAC, está á cabeza dun equipo de xente nova e con inquietudes culturais, o seu obxectivo é dobre: «por unha banda informar os galegos do que pasa en Barcelona e en Galicia e, pola outra, explicarlles aos oíntes a cultura catalá pero en galego». *Aturuxos* emítese os luns de nove a once da noite; nesas dúas horas a radio énchese da máis variada música



galega, entrevistas distendidas, informacións culturais, análises da actualidade, colaboracións e un longo etcétera.

*Galicia no Vallès*, en Radio Mollet (96.3 FM). Xa o citamos anteriormente como un dos programas veteranos de Cataluña –leva vinte e tres anos en antena–. A outra característica que o define é que está vinculado á «Irmandade A Nosa Galiza» de Mollet del Vallès. Isabel Ares, presidenta do centro e directora do espazo, explica que «a nosa pretensión é dar a coñecer a nosa cultura a galegos e non galegos así como informar os nosos oíntes do que acontece en Galicia». A longa traxectoria do programa e o seu arraigamento na comarca explican o importante seguimento que ten o espazo. Aínda que non existen datos de audiencia, os oíntes fanse notar a través das súas chamadas e peticións. A música, as novas culturais, as entrevistas e os concursos completan unha hora de radio os martes pola noite.

*Galiza, algo máis*, en Sants 3 Ràdio (103.2 FM). Tamén citamos antes este espazo como exemplo de supervivencia ante as dificultades de facer radio galega en Cataluña. O proxecto comezou a mediados dos oitenta e, tras unha azarosa traxectoria, hoxe segue conservando o espírito cultural co que foi concibido. *Galiza, algo máis* está dirixido na actualidade por Suso Mon, que, xunto cun equipo de xente moi nova, saca todos os sábados ao ar un programa que «busca amosar a Galicia máis descoñecida, máis cultural e máis política». O espazo de Sants 3 Ràdio está dirixido «aos novos galegos que non se senten identificados coa colectividade e precisan algo máis» e para iso ofrécenlles unha ampla información do que acontece en Galicia e en Cataluña da man dunha sólida rede de colaboradores e correspondentes. O labor pendente deste programa é afondar na súa relación cos oíntes.

*Galicia máis cerca*, en R7P RÀDIO (89.0 FM). Trátase do único programa de radio en galego que existe en Andorra, un país onde a nosa colectividade se aproxima ás cinco mil persoas. O proxecto naceu hai dous anos por iniciativa da propia emisora, que deseguida buscou o apoio da Casa de Galicia de Andorra e dalgúns empresarios galegos afincados no país. A dirección do espazo corre

a cargo do xornalista Xosé Luís Osorio, que cada martes e xoves abre unha fiestra a Galicia a través de entrevistas e colaboracións. Malia a curta traxectoria do programa, xa se lle deben recoñecer méritos como liderar unha campaña solidaria no Principado co gallo da catástrofe do Prestige ou facer unha cobertura in situ do accidente do petroleiro. *Galicia máis cerca* defínese como un espazo apegado á actualidade pero que busca o equilibrio, «non trata de ser excesivamente populista nin demasiado culto, porque sabemos que hai gustos para todo».

ERGAC é unha iniciativa con futuro porque ten proxectos, obxectivos a longo prazo. Hai anos que os *Espacios Radiofónicos de Catalunya* traballan nunha idea ambiciosa que, pouco a pouco, vai tomando forma: facer unha emisión de 24 horas en galego. Nos últimos meses a iniciativa presentouse ante o Consello da Cultura Galega, a Consellaría de Emigración e a Radio Galega; todos acolleron moi ben a idea pero agora cómpre falar de cartos. Este é, sen dúbida, o proxecto estrela da asociación pero hai moitas iniciativas máis sobre a mesa, entre elas destacamos unha que xa vén de vello: poñer en contacto a todos os programas de radio galegos que emiten fóra da terra, como un xeito de unir esforzos e de chamar a atención sobre un fenómeno ás veces esquecido. Así pois, ERGAC olla cara ao futuro e faino con optimismo. Conta con bazas moi importantes para os novos tempos, a incorporación das novas tecnoloxías é unha delas. A principal dificultade para afrontar os novos tempos podería ser o aspecto económico pero na entidade están moi afeitos a buscar financiamento para as súas actividades, coñecen ben todas as vías. A continuidade do proxecto de ERGAC podémola considerar unha homenaxe a todos aqueles programas de radio galegos aos que as circunstancias lles negaron un futuro.

#### CONCLUSIÓNS

Chegados a este punto queda claro que a radiodifusión galega no exterior é un fenómeno dabondo relevante para ser considerado dentro da nosa comunicación. Resulta evidente que non estamos ante proxectos radiofónicos convencionais, porque nin os

seus promotores son profesionais do medio nin a súa rendibilidade se mide en termos de audiencia, pero aínda así falamos de radio; e de radio galega. A importancia destas experiencias quedou dabondo demostrada cando anos atrás se converteron nunha canle de unión coa Galicia afastada. Daquela a radio axudou a manter vivas as raíces dos que marcharan e a enxalzar unha identidade galega que a distancia puña en perigo. Foi unha contribución fundamental para emigrantes e exiliados, pero tamén para os que nunca saíran da terra porque, unha vez máis, a Galicia exterior camiñou un paso por diante da outra realidade galega.

Celebrados os logros de antano cómpre agora recoñecer os méritos actuais. A radio galega do exterior soubo evolucionar cos tempos e hoxe segue sendo unha referencia fundamental para milleiros de paisanos; o caso de Cataluña é bo exemplo diso. Deste xeito, ao meu modo de entender, é hora de pechar o círculo. A ponte que un día se botou cara a Galicia ten que ser reforzada agora na outra dirección; chegou o momento de que a nosa sociedade, a nosa comunicación, a nosa radio integren esas experiencias no día a día do país. E non se trata só dunha cuestión de xustiza, senón de necesidade porque a experiencia dos galegos que marcharon onte pode axudar a entender a realidade dos que hoxe teñen Galicia como punto de destino, unha realidade que vai a máis e que xa comeza a precisar de respostas.